

CÁLCULO DA RENDA NETA PER CÁPITA PARA A AUTODECLARACIÓN

QUE É UNHA UNIDADE FAMILIAR?

En base ao disposto no artigo 16 do Decreto 132/2013, o concepto de unidade familiar é o definido na normativa do imposto da renda das persoas físicas.

Aos efectos do IRPF, existen dúas modalidades de unidade familiar:

1.- No caso de matrimonio:

A unidade familiar está integrada polos cónxuxes non separados legalmente e, se os houbera:

a) Os fillos menores, con excepción dos que, co consentimento dos pais, vivan independentemente destes.

b) Os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

**Hai que ter en conta que a maioría de idade acádase ao cumprir 18 anos.*

2.- En ausencia de matrimonio ou nos casos de separación legal:

A unidade familiar está integrada polo pai ou pola nai e a totalidade dos fillos que convivan co pai ou coa nai e reúnan os requisitos da modalidade anterior (os supostos a) ou b) do apartado 1.

Polo tanto:

- Calquera outra agrupación familiar, distinta das anteriores, no constitúe unidade familiar a efectos do IRPF.

- Ninguén pode formar parte de dúas unidades familiares ao mesmo tempo.

- O número de membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente o día 31 de decembro de cada ano. Polo tanto, se un fillo cumprira 18 anos durante o ano, xa non formará parte da unidade familiar nese período impositivo. Tampouco formarán parte da unidade familiar o membro que falecera durante o período impositivo.

- Nas parellas de feito só un dos seus membros (pai ou nai) poden formar unidade familiar cos fillos que reúnan os requisitos anteriormente comentados (os supostos a) ou b) do apartado 1). O mesmo criterio é aplicable nos casos de separación ou divorcio con garda e custodia compartida.”

COMO CALCULAMOS A RENDA ANUAL NETA PER CÁPITA?

A **renda neta per cápita familiar** obterase como resultado de realizar os seguintes cálculos en base á declaración da **renda do exercicio 2020**:

$$\text{casiña 435} + \text{casiña 460} - \text{casiña 595} = \mathbf{X}$$

Esta operación farase para cada unha das rendas presentadas polos membros da unidade familiar e sumarase o resultado obtido en cada unha delas.

O total desa suma (cantidade chamada X) dividirase entre os membros computables da unidade familiar (chamado Y na autodeclaración).

Exemplo: nunha familia na que sexamos 4 persoas, dividiremos entre 4 o resultado da suma de todas as rendas feitas coa operación anterior. Esa cantidade obtida será a chamada Y, e será a que determine en que tramo de pago nos atopamos.